

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 29 DE XULLO DE 2021, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO

DECRETOS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Cerdedo-Cotobade do treito inicial da estrada provincial EP-0401 Carballedo-Caroi situado entre os puntos quilométricos 0+000 e 0+450.
- Decreto polo que se aproba o texto consolidado e addenda ao Convenio entre a Xunta de Galicia e Autoestradas de Galicia, Autopistas de Galicia, Concesionaria de la Xunta de Galicia, S.A., polo que se regulan as bonificacións da peaxe das autoestradas A Coruña – Carballo (AG-55) e Puxeiros - Val Miñor (AG-57).

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o Concello de Boborás para o proxecto básico e de execución de humanización do núcleo singular e contorno BIC de Astureses (concello de Boborás), por un importe de cento oitenta mil euros (180.000 €).
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o Concello de Riós para a rehabilitación e ampliación de edificación para uso de albergue turístico do Camiño de Santiago, por un importe de douscentos sesenta e dous mil douscentos sesenta e tres euros con dezasete céntimos (262.263,17€).
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o Concello de Abegondo para o proxecto do plan estratéxico do embalse de Beche, por un importe de setecentos sete mil trescentos trece euros con setenta e tres céntimos (707.313,73€).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Acordo polo que se fixa o límite máximo de gasto non financeiro da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022, a que se refire o artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira, modificado polo artigo 92 da Lei 12/2014, do 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, e se dá traslado del ao Parlamento de Galicia

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Acordo polo que se autoriza a Sociedade Galega de Medio Ambiente (Sogama) á contratación da construción da obra de execución e posta en marcha dunha planta de compostaxe no concello de Cervo, cun valor estimado de cinco millóns setecentos trinta e cinco mil trescentos noventa e seis euros con corenta e cinco céntimos (5.735.396,45€) e un importe de licitación de seis millóns novecentos trinta e nove mil oitocentos vinte e nove euros con setenta céntimos (6.939.829,70€).
- Acordo polo que se autoriza a Sociedade Galega de Medio Ambiente (Sogama) á contratación da construción da obra de execución e posta en marcha dunha planta de compostaxe no concello de Verín, cun valor estimado de seis millóns nove mil cincocentos vinte e seis euros con setenta e un céntimos (6.009.526,71€) e un importe de licitación de sete millóns douscentos setenta e un mil cincocentos vinte e sete euros con trinta e dous céntimos (7.271.527,32€).

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Universidade de Vigo (UVIGO) para a adopción de medidas de dixitalización e innovación do Sistema universitario de Galicia, por un importe total de tres millóns cento sesenta mil euros (3.160.000 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do Convenio de cooperación educativa entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Organización Nacional de Cegos Españois para o establecemento de medidas encamiñadas á atención das persoas con discapacidade visual para o curso escolar 2021/22, por un importe de douscentos corenta e catro mil oitocentos trinta e sete euros con corenta e nove céntimos (244.837,49€).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Emprego e Igualdade para adquirir compromisos de gastos de carácter plurianual ao abeiro do artigo 58.1b) do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, e de conformidade co previsto nos artigos 63 e 67 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, para incrementar as porcentaxes máximas dos anticipos de pagamento e para eximir de garantías nos supostos de pagamentos anticipados destinados ás axudas que poderán ser concedidas ao abeiro da orde pola que se establecen as bases reguladoras de axudas a centros especiais de emprego (CEE) co fin de promover a integración laboral das persoas con discapacidade, e se procede á convocatoria para as anualidades 2021-2022, por un importe total de vinte millóns de euros (20.000.000 €).
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Emprego e Igualdade para aumentar as porcentaxes e os importes máximos dos pagamentos anticipados recollido no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Orde pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades sen ánimo de lucro, e se procede á convocatoria para o ano 2021, por un importe de oito millóns cincocentos mil euros (8.500.000 €).
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Emprego e Igualdade para adquirir compromisos de gasto de carácter plurianual, para superar a porcentaxe en pagamentos anticipados e para eximir as entidades con ánimo de lucro da constitución de garantías para a solicitude de anticipos, con respecto á Orde pola que se establecen as bases reguladoras para as accións formativas do plan de formación no Xacobeo da Comunidade Autónoma de Galicia para o período 2021-2022, e se procede á súa primeira convocatoria para os exercicios 2021 e 2022.
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Emprego e Igualdade para adquirir compromisos de gasto de carácter plurianual ao abeiro do artigo 58.1.b) do Decreto Legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, na Orde pola que se amplía o crédito orzamentario existente para a concesión das axudas

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

previstas na Orde da Consellería de Emprego e Igualdade, do 31 de decembro de 2020, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021.

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Emprego e Igualdade para adquirir compromisos de gasto de carácter plurianual ao abeiro do artigo 58.1b) do Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia; para establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao recollido no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e para eximir da constitución de garantías as entidades beneficiarias ao abeiro do establecido no artigo 67 do dito decreto, na Orde pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións para o apoio á consolidación das entidades da economía social de Galicia "Bono consolida economía social", e se procede á súa convocatoria para as anualidades 2021-2022.
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Emprego e Igualdade para adquirir compromisos de gastos de carácter plurianual ao abeiro do artigo 58.1b) do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia; para establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao recollido no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e para eximir da constitución de garantías as entidades beneficiarias ao abeiro do establecido no artigo 67 do dito decreto, na orde pola que se establecen as bases reguladoras de axudas do programa de apoio á recuperación de negocios en crise ou sen relevo xeracional mediante fórmulas de economía social, e se procede á convocatoria para as anualidades 2021-2022, por un importe total de dous millóns cincocentos mil euros (2.500.000 €).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación da subministración sucesiva de material sanitario destinado á prevención, limpeza e tratamento das feridas, baseado na cura en ambiente húmido, con destino as áreas sanitarias do Servizo Galego de Saúde, por un importe total de dezaioito millóns cento corenta e seis mil cento noventa e dous euros con sesenta céntimos (18.146.192,60 €), IVE

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

engadido e un valor estimado de trinta e dous millóns novecentos setenta mil oitenta euros con sesenta e catro céntimos (32.970.080,64 €).

- Acordo polo que se aproba o Proxecto básico da fase I da reprogramación funcional do plan director do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, para os efectos do establecido na Lei 3/2016, do 1 de marzo, de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese público.

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se autoriza a concesión pola Consellería do Mar de dúas axudas económicas á Auxiliar Conservera, S.A., para a execución dos proxectos "Modernización tecnolóxica e ambiental de planta de transformación de subproduto de pescado", axuda proposta: catro millóns seiscentos trinta e cinco mil trescentos oitenta e oito euros con once céntimos (4.635.388,11€), e "Aproveitamento de produtos de pescado envasados ou embalados", axuda proposta: oitenta e oito mil oitocentos sesenta e sete euros con cincuenta céntimos (88.867,50€).

INFORMES

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

- Informe sobre a convocatoria de axudas do programa Moves III.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Informe sobre o trámite a información pública da Estratexia Galega de Infraestrutura Verde e da Conectividade e a Restauración Ecolóxicas.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre o inicio do procedemento da Lei 3/2016, do 1 de marzo, de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese, para as obras de ampliación do Hospital Clínico Universitario de Santiago de Compostela.
- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da contratación polo trámite de emerxencia da subministración de material sanitario funxible

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

necesario para a campaña de vacinación da COVID-19, por importe de cincuenta e oito mil cincocentos euros (58.500,00 €).

- Informe sobre o Convenio marco de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e o Concello da Coruña para a dotación dun centro de saúde no antigo mercado de Santa Lucía.
- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da contratación polo trámite de emerxencia do servizo de almacenamento, distribución e loxística das vacinas contra a COVID-19, por importe dun millón catrocentos sesenta e seis mil cincocentos vinte euros, IVE engadido (1.466.520,00€).
- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da contratación polo trámite de emerxencia, da décima subministración de diverso material para facer fronte á COVID-19 nos centros da Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras, por importe dun millón oitenta e catro mil trescentos cincuenta e tres euros con oitenta e nove céntimos (1.084.353,89€).
- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da contratación polo trámite de emerxencia da adquisición de material de laboratorio, produtos farmacéuticos, vestiario e outros, así como gastos de desprazamento de persoal, derivados da situación de emerxencia ocasionada pola pandemia da COVID-19, por importe dun millón cento noventa e tres mil novecentos trinta e cinco euros con tres céntimos (1.193.935,03€) IVE engadido, na Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza, durante o mes de xuño do presente ano.
- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da contratación polo trámite de emerxencia da realización de diversas actuacións e subministracións para a Área Sanitaria da Coruña e Cee, para facer fronte á pandemia da COVID-19 no mes de xuño do ano 2021, por importe dun millón centro setenta e nove mil seiscentos oitenta e sete euros con oitenta e seis céntimos (1.179.687,86 €).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre a declaración de perímetros de alto risco de incendios en vías de titularidade municipal.

CONSELLERÍA DO MAR

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Informe sobre a resolución da Orde do 18 de decembro de 2020 pola que se establecen as bases e se regula o procedemento tramitado como expediente anticipado de gasto, para a concesión en réxime de concorrencia competitiva das axudas para investimentos en peme de transformación dos produtos pesqueiros e de acuicultura, cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), e se convoca para o ano 2021.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA A PROL DO CONCELLO DE CERDEDO-COTOBADE DO TREITO INICIAL DA VÍA PROVINCIAL QUE UNE CARBALLEDO E CAROI

- Trátase do tramo de 450 metros lineais da estrada EP-0401 no núcleo da Chan
- O departamento de Infraestruturas da Xunta ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da Comunidade Autónoma e das entidades provinciais e locais
- Co cambio de titularidade o Concello terá a competencia para actuar neste tramo e asume a súa conservación e mantemento.
- O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico terá efecto desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se autoriza o cambio de titularidade a prol do Concello de Cerdedo-Cotobade do treito inicial da estrada provincial EP-0401 que une Carballedo e Caroi.

O Concello de Cerdedo-Cotobade e a Deputación Provincial de Pontevedra asinaron un convenio en que estableceron a obriga da entidade municipal de solicitar a transferencia de titularidade deste viario.

A Administración provincial acordou aprobar o cambio de titularidade a prol do Concello de Cerdedo-Cotobade e emitiu informe favorable para a transferencia dun treito de 450 metros lineais da estrada EP-0401, do punto quilométrico 0 ao 0+450, no núcleo da Chan.

A transferencia a prol do Concello de Cerdedo-Cotobade tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta, por proposta da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade como competente en materia de estradas e logo do acordo entre as administracións implicadas.

Co cambio de titularidade aprobado hoxe, o Concello terá a competencia para actuar nesta vía e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA APROBA A BONIFICACIÓN DO 100 % NA VIAXE DE VOLTA ÁS FAMILIAS NUMEROSAS NAS AUTOESTRADAS AUTONÓMICAS, QUE SERÁN EFECTIVAS A MEDIADOS DE AGOSTO

- Tamén autoriza estender ás 24 horas posteriores á viaxe de ida o desconto do 25 % na volta, e do 50 % na segunda volta, aos usuarios recorrentes, que ata agora se aplicaba ás viaxes realizadas no mesmo día
- Case 27.000 familias numerosas poderán beneficiarse da bonificación do 100 % da peaxe da volta nas autoestradas A Coruña-Carballo (AG-55) e do Val Miñor (AG-57)
- O mesmo vehículo deberá ser obxecto do pagamento do traxecto de ida e volta nun prazo máximo de 24 horas desde o aboamento da ida, empregando o sistema de telepeaxe
- As bonificacións son acumulativas, polo que as familias numerosas poderán engadirlle a esta bonificación o desconto do 50 % en horario nocturno que xa se aplica entre as 12 da noite e as 6 da madrugada
- A activación desta nova bonificación fixo necesaria a instalación de 70 cámaras e o software para a identificación de lectura da matrícula do vehículo asociado

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se aproba unha bonificación do 100 % na viaxe de volta para as familias numerosas nas peaxes das autoestradas autonómicas A Coruña-Carballo (AG-55) e do Val Miñor (AG-57), que será efectiva desde mediados do vindeiro mes de agosto. A Xunta tamén aprobou a extensión ás 24 horas posteriores á viaxe de ida do desconto do 25 % na volta, e do 50 % na segunda volta, aos usuarios recorrentes, que ata agora se aplicaba ás viaxes realizadas no mesmo día.

A Xunta estima que arredor de 26.840 familias numerosas se poderán beneficiar da bonificación do 100 % da peaxe da viaxe de volta nas citadas autoestradas autonómicas todos os días, excepto os domingos e os festivos.

A medida enmárcase na Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, que prevé que "a Administración autonómica establecerá bonificacións nas peaxes das autoestradas da súa titularidade e preverá prezos reducidos para as familias nas licitacións de contratos de xestión de aparcamento nos hospitais públicos e centros dependentes dela".

Para acollerse a esta bonificación, a unidade familiar deberá estar en posesión dun título de familia numerosa en vigor. Tamén será preciso cubrir o impreso de solicitude de alta na epígrafe da páxina web da sociedade concesionaria: www.autoestradas.com.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Para beneficiarse dos descontos, é necesario que o mesmo vehículo sexa obxecto do pagamento do traxecto de ida e volta nun prazo máximo de 24 horas desde o aboamento da viaxe de ida. O coche deberá utilizar como método de pagamento un sistema de peaxe dinámico ou telepeaxe, con OBE.

Cada familia numerosa poderá asociar un dispositivo de telepeaxe, que poderán ser dous nos casos daquelas familias integradas por pais divorciados, ou de categoría especial, excepcións que deberán ser acreditadas documentalente.

Esta bonificación contribuirá á economía destas familias, propiciando aforros económicos nos seus desprazamentos e facilitando a súa mobilidade.

Así, por exemplo, unha familia que se desprace da Coruña a Carballo pola AG-55, fronte á tarifa de 5,10 euros de peaxes na ida e na volta que pagaría sen descontos, aboará só 2,55 euros, ao bonificarse o 100 % da viaxe de regreso. No caso dunha familia que realice o itinerario entre Vigo e Baiona, fronte ao importe ordinario de 3,40 € de ida e volta, a cantidade que terá que aboar será de 1,70 €, ao acollerse á bonificación por familia numerosa.

Os descontos son acumulativos, polo que as familias numerosas poderán engadirlle a esta bonificación os descontos do 50 % en horario nocturno, xa en vigor desde o 1 de outubro de 2019. Así, por exemplo, unha familia que se desprace ás 5:30 horas da madrugada para acudir ao traballo e regrese ás 17:00 horas poderá optar á bonificación do 50 % da ida por horario nocturno e do 100 % da volta como familia numerosa.

A activación desta nova bonificación fixo necesaria a instalación de 70 cámaras e o software correspondente para a identificación e lectura da matrícula asociada a cada familia numerosa. Neste sentido, na AG-55, dispuxéronse 26 cámaras na vía de peaxe e 4 en arcos de entrada; e na AG-57, 36 cámaras na vía e 4 en arcos de entrada.

Extensión do desconto para usuarios recorrentes

Por outra parte, o Consello da Xunta tamén autorizou hoxe a ampliación do actual desconto do 25 % da volta, e do 50 % na segunda volta, aos usuarios recorrentes ata as 24 horas posteriores á realización da viaxe de ida.

Con esta modificación, esténdese ás 24 horas despois do traxecto de ida o desconto do 25 % da viaxe de volta, e do 50 % na segunda viaxe de volta, reforzando así o actual período de bonificación que establecía ata agora que a volta debía realizarse no mesmo día natural que a ida, favorecendo especialmente as persoas que se desprazan polas

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

autoestradas de titularidade autonómica para acceder aos servizos públicos ou acceder ao seu lugar de traballo, como o caso dos sanitarios.

Cómpre lembrar que nas autoestradas autonómicas véñense aplicando desde o ano 2010 nos días hábiles unha rebaixa do 25 % do importe da viaxe de volta dun traxecto de ida e volta, que se incrementa nun 50 % na segunda e posteriores viaxes de volta en ambas as dúas autoestradas co uso do Vía-T.

Estes incentivos súmanse á bonificación do 50 % da peaxe en horario nocturno, que se vén aplicando desde o 1 de outubro de 2019. Este desconto está dispoñible para todo tipo de vehículos de luns a domingo, entre as 12 da noite e as 6 da madrugada.

Cómpre lembrar que as autoestradas de titularidade autonómica, a estrada A Coruña-Carballo e do Val Miñor, son unhas das máis baratas de España.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA PROMOVE TRES PROXECTOS DE MELLORA DE SERVIZOS NO CAMIÑO DE SANTIAGO POR IMPORTE DE 1,2 M€

- Os proxectos autorizados polo Consello permitirán levar adiante actuacións de humanización e creación de novos albergues para peregrinos no Camiño Inglés e Vía da Prata
- As actuacións localízanse nos concellos de Abegondo, Riós e Boborás

O Consello da Xunta deu conta hoxe de tres proxectos de humanización e desenvolvemento de proxectos turísticos, dous deles vencellados á mellora dos servizos ao peregrino no Camiño de Santiago nas provincias de Ourense e A Coruña que suporán un investimento de case 1,2 millóns de euros neste 2021.

As actuacións localízanse nos concellos de Abegondo, Riós e Boborás, onde se executarán proxectos turísticos co obxectivo de mellorar a contorna e as posibilidades de desenvolvemento destes concellos rurais, a través da posta en valor dos seus recursos patrimoniais ou naturais.

Deste xeito, a Vicepresidencia Primeira, a través de Turismo de Galicia asinará un convenio de colaboración co concello de Abegondo para a posta en marcha dun proxecto estratéxico de aproveitamento do encoro de Beche, a única presa navegable da provincia da Coruña, onde se construírá un campamento turístico que tamén poderá servir de lugar de acollida para os peregrinos que transiten polo Camiño de Santiago.

Dous novos albergues para o Camiño

O proxecto suporá un investimento de algo máis de 700.000 euros para a posta en valor deste recurso que, pola súa proximidade co Camiño Inglés, na etapa entre Betanzos e Mesón do Vento, permite que teña un dobre aproveitamento: para a práctica do turismo activo e deportivo – para actividades como kajak, vela, bicicleta ou sendeirismo- e para mellorar a infraestrutura de acollida ao peregrino, dotando a este itinerario dun novo albergue.

Este mesmo obxectivo comparte o proxecto de Abegondo e o do Concello de Riós, con que o Consello vén de autorizar a sinatura dun convenio por importe de algo máis de 260.000 euros para a rehabilitación e ampliación dunha edificación situada no ámbito de protección do Camiño de Santiago, no lugar de Fumaces, para acoller un albergue de peregrinos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O proxecto de Fumaces inclúe a renovación da edificación actual e a construción dun anexo a modo de taller para bicicletas, respondendo así ás necesidades de mellora de acollida da Vía da Prata, que conta actualmente con 13 albergues públicos aos que sumarán dous (Oseira e Piñor) e este novo albergue de carácter municipal.

Entre ambas as edificacións, a existente e a proxectada, crearase unha zona libre de espaxamento dos usuarios do novo albergue. Para este albergue, precisamente, tívose en conta o perfil de peregrinos que opta por este itinerario, en moitas ocasións peregrinos en bicicleta, polo que se aposta por ofrecer un lugar de acollida que, ademais, conte con servizo de reparación para este medio de transporte.

Humanización de núcleos singulares

Finalmente, o terceiro proxecto que autoriza o Consello é a sinatura dun convenio entre Turismo de Galicia e o Concello de Boborás por importe de 180.000 euros para a humanización do núcleo singular de Astureses, un dos patrimonios declarados BIC máis antigos da provincia, pois ten esta consideración desde 1946.

Co obxectivo de promocionar turísticamente este patrimonio, ao tempo que se pon en valor o Ben, ao abeiro deste convenio levaranse adiante actuacións para priorizar o seu uso peonil, adaptando o espazo para o seu uso pola veciñanza e favorecendo unha contorna máis accesible e humana que propicie tamén a súa visita por parte dos viaxeiros.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA UN TEITO DE GASTO NON FINANCEIRO PARA 2022 DE 11.571 MILLÓNS DE EUROS

- Galicia recuperará a mediados de 2022 o nivel de riqueza precovid, antes que o conxunto de España
- A Comunidade galega mantén a súa capacidade máxima de gasto grazas á sentenza do Tribunal Supremo que obriga ao Goberno central a transferir a Galicia a mensualidade do IVE correspondente a 2017
- Este teito de gasto permitirá continuar coa reactivación económica e do emprego e garantir a protección das familias e dos sectores máis afectados pola pandemia

O Consello da Xunta aprobou hoxe o límite de gasto non financeiro da Comunidade Autónoma para o exercicio 2022, que ascende a 11.571 millóns de euros. Un teito de gasto prudente e rigoroso para superar a pandemia en termos sanitarios, continuar coa reactivación económica e do emprego, e garantir a protección das familias e dos sectores máis afectados pola covid-19.

A Comunidade galega mantén a súa capacidade máxima de gasto grazas a que o vindeiro ano, Galicia recibirá a mensualidade do IVE correspondente a 2017 que o Goberno central tiña que ter transferido no ano 2019 en cumprimento do sistema de financiamento autonómico. O Tribunal Supremo recoñeceu no mes de maio o dereito de Galicia a ser compensada pola mensualidade do IVE de 2017 –máis os xuros de demora– que o Executivo central se negaba a ingresar.

Un ano máis, a Xunta de Galicia cumpriu co establecido na Lei de disciplina orzamentaria de 2011 e aprobou o teito de gasto non financeiro, que agora será remitido ao Parlamento para o seu debate e posterior aprobación. Este límite establece o máximo gasto que se pode acadar no proxecto de Lei de orzamentos xerais de Galicia.

Este teito está conformado por 11.197 millóns de euros de recursos non financeiros (recursos do sistema de financiamento, fondos finalistas e outros recursos non financeiros). Dentro deles inclúense 417,3 millóns da parte que lle corresponde a Galicia dos recursos vinculados ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia; 266,9 millóns dos recursos REACT-EU (Axuda á Recuperación para a Cohesión e os Territorios de Europa); e a transferencia de 211 millóns de euros da mensualidade do IVE de 2017 retida polo Goberno central desde 2019. A isto hai que engadir 415 millóns de euros correspondentes ao 0,6% de necesidade de financiamento, unha vez detraídos 41 millóns de axustes de contabilidade nacional.

Cadro macroeconómico

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ademais da aprobación do teito de gasto, a Xunta vén de adaptar e de actualizar con prudencia o seu cadro macroeconómico á evolución da pandemia do coronavirus.

Neste sentido, o Goberno galego prevé que Galicia recuperará a mediados de 2022 o nivel de riqueza precovid, antes que o conxunto de España. A previsión da Xunta é que o PIB galego medre un 5,5% este ano, e un 6% no ano 2022. En canto á taxa de desemprego, as estimacións prevén que o paro se sitúe no 12,7% en 2021 e no 12,1% no ano 2022. Coas previsións deste ano e do próximo, Galicia encadeará dous exercicios de crecemento sostido da economía e do emprego.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO AUTORIZA A LICITACIÓN DAS PLANTAS DE BIORRESIDUOS DE CERVO E VERÍN POR MÁIS DE 14 M€

- Ambas instalacións para a compostaxe industrial contarán coas tecnoloxías máis innovadoras, coa finalidade de que acaden a maior eficiencia
- A planta de Cervo prevé dar servizo a 15 municipios cunha poboación de 70.000 habitantes, pertencentes na súa meirande parte á comarca da Mariña lucense, mentres a de Verín prevé favorecer a 24 municipios e máis de 52.000 habitantes
- A capacidade anual de tratamento de ambas instalacións é de 3.000 toneladas de residuos orgánicos de carácter doméstico e outras 1.600 toneladas de material estruturante, coas que se producirán 1.500 toneladas de compost de alta calidade

O Consello da Xunta autorizou hoxe a licitación da obra e posta en marcha de dúas das catro plantas de compostaxe industrial —unha por provincia— que estarán integradas na nova rede galega de valorización de residuos orgánicos. Trátase das instalacións de Cervo (Lugo) e de Verín (Ourense), por un importe total de máis de 14 millóns de euros.

Se ben a xestión do lixo constitúe unha competencia municipal, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda quere axudar os concellos a que cumpran coas súas obrigas legais, tendo en conta que deberán ter implantada a recollida selectiva dos residuos orgánicos —a través do quinto contedor, de cor marrón— antes do 31 de decembro de 2023, segundo marca a Unión Europea.

Así, con estas dúas novas instalacións, xunto con outras dúas das mesmas características —Cereda, xa finalizada, e Vilanova de Arousa— e co apoio de 13 plantas de transferencia que están a ser adaptadas, Sogama fará posible que a gran maioría dos galegos dispoñan dunha planta de biorresiduos ou de transferencia a menos de 50 quilómetros de distancia.

Cómpre lembrar que o proxecto construtivo da planta de Cervo serviu de base e referencia para a planta de Verín, polo que ambas terán características similares. Nese sentido, cada unha terá unha capacidade para tratar 3.000 toneladas anuais de residuos orgánicos de carácter doméstico e outras 1.600 toneladas de material estruturante. A previsión é que cada infraestrutura produza cada ano 1.500 toneladas de compost de alta calidade para ser empregado como abono natural, na agricultura e xardinaría, en substitución dos fertilizantes artificiais.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ademais, ambas estarán dotadas coas tecnoloxías máis innovadoras, co fin de que acaden a maior eficiencia, e tamén contarán cos mecanismos necesarios para minimizar o impacto sobre a contorna como potentes sistemas de depuración de augas, cheiros e control de rúidos, alimentándose con enerxía renovable a través de paneis solares.

O obxectivo é que as dúas entren en funcionamento a finais do ano 2022, e deste xeito saltar un novo chanzo para facer de Galicia unha comunidade sustentable en que os residuos son transformados en recursos conforme os preceptos da economía circular.

Cervo, servizo a 70.000 veciños

A planta de Cervo, cuxas obras se licitarán por un importe de 6.939.829 euros, estará localizada no polígono industrial de Cuiña e ocupará unha superficie de 8.000 m², tras a adquisición o pasado 9 de xuño, por parte de Sogama ao Instituto Galego da Vivenda e Solo, de cinco parcelas por un orzamento de máis de 238.000 euros.

Nesta nova instalación realizaranse todas as fases dun proceso de compostaxe, é dicir, a xestión da materia orgánica —pretratamento, fermentación, maduración e almacenamentos—, para o que se construíra unha nave pechada de 3.500 m².

Está dimensionada para poder dar servizo a 15 municipios, pertencentes na súa meirande parte á comarca da Mariña lucense, cubrindo unha poboación duns 70.000 habitantes: Cervo, Alfoz, Barreiros, Burela, Foz, Lourenzán, Mañón, Mondoñedo, Muras, Orol, Ribadeo, O Valadouro, O Vicedo, Viveiro e Xove.

Verín, instalada no polígono de Pazos

Pola súa banda, a planta de Verín abarcará unha superficie de case 12.000 m² do parque empresarial de Pazos, dos cales 3.500 se disporán para a nave pechada. O importe de licitación ascende a 7.271.527 euros.

Neste caso, prevé beneficiar a máis de 52.000 habitantes de 24 concellos da provincia de Ourense: Verín, Oímbra, Monterrei, Cualedro, Trasmiras, Laza, Castrelo do Val, Riós, Vilardevós, Baltar, Os Blancos, Calvos de Randín, Porqueira, Xinzo de Limia, Vilar de Santos, Rairiz de Veiga, Sandiás, Xunqueira de Ambía, Sarreaus, Vilar de Barrio, Vilariño de Conso, A Gudiña, A Mezquita e Viana do Bolo.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA MÁIS DE 3M€ PARA REFORZAR A DIXITALIZACIÓN DA UNIVERSIDADE DE VIGO NO CURSO DE TRANSICIÓN CARA A FIN DA PANDEMIA

- En total inxectaranse nas tres universidades 10M€ para reforzar estes proxectos e os de innovación
- A contía do convenio destinarase a mellora da administración electrónica, á renovación tecnolóxica dos servizos de información e a investimentos en infraestruturas innovadoras
- O obxectivo é consolidar os cambios de transformación dixital que se iniciaron no presente curso para asegurar a calidade da docencia e o cumprimento dos protocolos

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á sinatura dun convenio de colaboración coa Universidade de Vigo (UVigo) para a adopción de medidas de dixitalización e innovación por un importe de 3.160.000€ de cara ao vindeiro curso, de transición cara a fin de pandemia. O acordo enmárcase na inxección de 10M€ que a Xunta de Galicia vai facer nas tres universidades galegas para que reforcen os seus proxectos de dixitalización e innovación e, deste xeito, continuar coa adaptación ás novas circunstancias e escenarios xurdidos a raíz da pandemia. Non en balde, o Goberno galego xa autorizou o convenio coa Universidade da Coruña (UDC) para este fin, por un importe de 2,8M€, e nas próximas semanas autorizarase o correspondente á Universidade de Santiago de Compostela (USC), por importe de 4,04M€.

A UVigo distribuirá a contía do convenio en tres liñas prioritarias de actuación: administración electrónica, renovación tecnolóxica dos servizos de información e investimentos en infraestruturas innovadoras.

No referido á administración electrónica, optimizarase a xestión dos recursos humanos e as aplicacións económicas (xestión de nóminas, de pedido...), así como o soporte e mantemento predictivo, correctivo e evolutivo de programas informáticos, equipos, redes e centros de procesamento de datos (CPDs).

Así mesmo, o convenio contempla a mellora da plataforma CampusRemoto, así como doutros servizos multimedia de UvigoTv, plataformas de *e-learning* e servizos tecnolóxicos de apoio e a obtención de licenzas de programas de software. Por outra banda, impulsarase a realización de estudos e asesorías técnicas realizadas por empresas especializadas no eido da dixitalización para mellorar as cuestións relativas á

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

protección de datos, os dereitos de autor ou o traballo técnico para a instalación e configuración de equipos informáticos, entre outras.

Xestión académica

O proceso de paso da docencia en modalidade presencial á docencia semipresencial e virtual supuxo unha reformulación fonda da docencia que precisa novas metodoloxías, deseño de sistemas de avaliación, titorización e a modificación dos sistemas para a ordenación docente adaptadas á modalidade virtual e semipresencialidade.

Para iso, ao abeiro deste convenio poderán financiarse ferramentas de administración electrónica dos principais trámites de preinscrición universitaria, matrícula, recoñecemento de créditos, emisión de certificados e títulos universitarios, así como outros trámites de menor índole relacionados coa xestión académica. Así mesmo, realizaranse estudos e asesoría técnicas para continuar mellorando estes procedementos no ámbito universitario.

Novo equipamento

No que atinxe aos investimentos en infraestruturas innovadoras, prevense actuacións en laboratorios docentes e de investigación que permitan tanto o seu acondicionamento e reforma como a adquisición de novo equipamento. A finalidade desta actuación é investir na mellora dos centros e facultades, permitindo que os espazos docentes se adecúen aos parámetros de innovación e dixitalización necesarios.

Así mesmo, acometeranse outras actuacións de mellora da eficiencia enerxética, confort térmico e mobilidade sustentable.

Consolidación dos cambios dixitais

Esta nova partida orzamentaria enmárcase dentro das accións levadas a cabo polo Goberno da Xunta para garantir o desenvolvemento da actividade académica do Sistema Universitario Galego coa máxima eficiencia e rigor.

Cómpre lembrar que a inicios do actual curso universitario -en outubro pasado concretamente- a Xunta de Galicia inxectou 3M€ no sistema universitario co fin de reforzar ás institucións universitarias para afrontar os gastos imprevistos orixinados pola pandemia e asegurar a calidade da docencia non presencial así como as medidas de adaptación covid exixidas.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Agora, con esta contía de 10M€ búscase avanzar na transformación dixital e na innovación destas institucións, de xeito que se consoliden e melloren os cambios realizados ata o momento e que se viron acelerados pola situación de pandemia.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 244.000€ Á CONTRATACIÓN DE DOCENTES PARA APOIO O ALUMNADO CON DISCAPACIDADE VISUAL

O Consello da Xunta aproba a renovación do convenio coa ONCE polo que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade destina seis profesores a este fin

A Xunta de Galicia renovará, un ano máis, o convenio de colaboración coa Organización Nacional de Cegos Españóis (ONCE) para prestar atención especializada, inicialmente, a 334 alumnas e alumnos con discapacidade visual en centros educativos de toda Galicia. O Consello da Xunta deulle hoxe o visto e prace á sinatura da addenda ao acordo asinado por ambas entidades en 2013, o que fai posible que seis profesores do corpo de mestres desenvolvan as súas tarefas profesionais nos equipos específicos da ONCE, prestándolle apoio ao alumnado cego ou con discapacidade visual, tanto en educación primaria e 1º e 2º da ESO, como en centros e unidades de educación especial. O Goberno galego destina a este convenio un total de 244.837,49€ para o curso 2021/22.

Ao abeiro deste acordo facilítase o apoio e o acceso do alumnado con discapacidade visual escolarizado en centros ordinarios aos recursos tecnolóxicos e á transcrición e gravación a braille dos libros de textos e dos materiais curriculares. Deste xeito favorécese a súa inclusión educativa, á par que unha atención especializada e axeitada ás súas necesidades.

En concreto, o convenio permite establecer un marco de colaboración para a atención educativa do alumnado con cegueira ou deficiencia visual grave, así como das súas familias e dos centros educativos aos que asistan; promover a coordinación dos servizos educativos e dos complementarios, organizando e facendo rendibles os recursos das diferentes institucións; e facilitar a conformación de equipos específicos para a atención educativa a este alumnado.

Pola súa banda, a ONCE pon a disposición de alumnado e familias os seus centros escolares, centros e servizos especializados, así como os seus recursos humanos e materiais.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 20 MILLÓNS DE EUROS Á INSERCIÓN DUNS 3.500 TRABALLADORES CON DISCAPACIDADE EN CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO

- O Goberno galego promove para o período 2021-2022 a creación, ampliación, mantemento e adaptación dos postos de traballo nos centros especiais de emprego
- Apóíase con ata 30.000 euros a xeración de postos de traballo indefinidos para persoas con especial dificultade para acceder ao mercado de traballo
- A convocatoria incrementa a súa contía global nun 16% respecto do ano 2020
- As persoas con discapacidade contarán con 80 profesionais de apoio á súa actividade profesional nos centros especiais de emprego

O Consello da Xunta aprobou hoxe destinar 20 millóns de euros a apoiar a inserción laboral dunhas 3.500 persoas con discapacidade en 110 centros especiais de emprego (CEE) da Comunidade na convocatoria 2021-2022. Con este investimento, que supera en máis do 16 % á anterior edición, apóíase a creación, ampliación, continuidade e adaptación dos postos de traballo, así como o mantemento do custo salarial dos traballadores nos CEE e a contratación de unidades de apoio.

O obxectivo principal destas axudas, que se duplicaron desde 2016, é promover a integración laboral deste colectivo por medio dos CEE a través de tres programas: axudas ás unidades de apoio á actividade profesional (1,2 millóns de euros); axudas á creación de postos de traballo estables para persoas con discapacidade, adaptación de postos e asistencia técnica nos CEE (1,1 millóns de euros); e o terceiro, con orzamento inicial de 17,7 millóns de euros, manter o custo salarial das persoas empregadas con discapacidade.

No marco da convocatoria, o primeiro dos programas, permitirá cubrir os custos salariais e de Seguridade Social derivados da contratación duns 80 profesionais que traballarán nas unidades de apoio destes centros de traballo que, co seu labor, axudarán a unhas 560 persoas con discapacidade e especiais dificultades de inserción laboral.

Co segundo dos programas a Xunta axudará á xeración de postos de traballo indefinidos para persoas con discapacidade. A contía da axuda será de 12.000 euros por posto creado a xornada completa, que se pode incrementar con incentivos acumulables do 25 % en colectivos como mulleres, persoas en risco de exclusión social, maiores de 45 anos, emigrantes retornados ou centros de traballo emprazados no rural. Deste xeito, os apoios poderán alcanzar os 30.000 euros por persoa.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Este programa tamén inclúe apoios para a adaptación de postos de traballo e a eliminación de barreiras arquitectónicas con axudas de 2.000 euros por posto adaptado. Así mesmo, concederanse axudas para financiar asistencia técnica que sexan necesarias para a creación, mantemento e mellora dos centros especiais de emprego. Entre outros, financiarase a contratación de persoal de dirección, os traballos necesarios para a obtención de certificados de calidade, estudos de viabilidade, organización e comercialización, asesoramento, auditorías e informes económicos. As contías oscilarán entre os 1.000 e os 15.000 euros.

A iniciativa máis dotada, no terceiro dos programas (17,7 millóns de euros), está dirixida ao mantemento do custo salarial dunhas 3.500 persoas traballadoras con discapacidade en 110 centros especiais. A axuda para este ano será de 6.650 euros ao ano (50 % do salario mínimo interprofesional vixente) por traballador contratado a xornada completa, incrementándose ata os 7.980 euros anuais (60 % do salario mínimo) para aqueles con especiais dificultades de inserción.

Nos últimos dez anos, o número de persoas con discapacidade nos centros especiais de emprego de Galicia multiplicouse por máis de dúas veces e media, pasando das 1.296 persoas en 2009 ás 3.394 o ano pasado.

O acceso ao emprego é un elemento decisivo para a integración das persoas con discapacidade na economía e na sociedade e un dos eixos da Estratexia de Economía Social dotada cun investimento de 73M€ para o período 2019-2021 que presta especial atención á empregabilidade dos colectivos con especiais dificultades.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APOIARÁ A CONTRATACIÓN DE MÁIS DE 500 PERSOAS DESEMPREGADAS EN 200 ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO

- O Goberno galego convocará nas próximas semanas axudas por 8,5M€ coas que financiará a contratación 9 meses a tempo completo de persoas desempregadas
- Cada entidade beneficiaria recibirá como media máis de 50.000 euros e 16.000 por traballadora ou traballador contratado
- Desde 2009 este programa de axudas permitiu contratar cerca de 9.000 persoas desempregadas

O Consello da Xunta aprobou hoxe destinar 8,5 millóns de euros ao fomento do emprego a través de programas de cooperación coas entidades sen ánimo de lucro. Por medio del, o Goberno galego outorgará axudas a unhas 167 organizacións que contratarán a arredor de 517 persoas sen emprego.

Con esta orde preténdese mellorar a empregabilidade das persoas traballadoras desempregadas a través da adquisición da experiencia profesional; fomentando, de paso, a súa inserción no sector dos servizos sociais, xerador potencial de emprego.

As entidades beneficiarias, todas elas inscritas no correspondente rexistro como "iniciativa social", deberán garantir a contratación a tempo completo durante nove meses das persoas desempregadas.

A Xunta estima que cada unha das entidades que resulten beneficiarias na presente convocatoria, percibirá un importe medio de 50.898 euros, 16.441 euros por persoa traballadora contratada.

Os cartos concedidos permitirán cubrir os gastos salariais e de Seguridade Social das persoas contratadas e irán dos 1.488€ por mes/persoa ata os 2.710€ mes/persoa en función do seu grupo de cotización.

Dos 8,5 millóns de euros, destinaranse prioritariamente 3 millóns á contratación de persoas desempregadas nos denominados proxectos singulares, desenvolvidos por entidades que prestan servizos a outras, a colectivos con máis dunha área de actuación ou con máis de 100 profesionais nos seus cadros de persoal.

O orzamento deste ano é similar ao do ano pasado, no que se concederon axudas a 151 entidades, o que permitiu dar cobertura aos custos de 491 traballadores.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Nas súas tres últimas edicións (2018, 2019 e 2020) o programa permitiu a contratación de 1.468 persoas en 558 entidades sen ánimo de lucro. Desde o ano 2009, a cifra ascende ata as 8.680 persoas desempregadas contratadas.

É unha prioridade do Goberno galego deseñar e aplicar políticas activas orientadas á atención a colectivos específicos con especiais dificultades de inserción. Esta orde de axudas constitúe un bo exemplo que de a Xunta conta coa colaboración das entidades sen ánimo de lucro para contribuír ao desenvolvemento, aproveitamento e potencial económico, social e cultural da Comunidade e favorecer a creación de emprego mediante a prestación de servizos de interese xeral e social.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA LANZA POR PRIMEIRA VEZ UN PLAN DE FORMACIÓN PARA IMPULSAR A CUALIFICACIÓN DE 4.000 TRABALLADORES DO SECTOR SERVIZOS DURANTE O XACOBEO

- A Consellería de Emprego e Igualdade investirá catro millóns de euros nesta iniciativa dirixida principalmente a persoas ocupadas no mercado laboral, aínda que tamén se poderán beneficiar persoas desempregadas
- Concederanse axudas ás entidades inscritas ou acreditadas para impartir formación profesional para o emprego nas modalidades presencial, de teleformación ou mixta
- A formación, que arrancará en novembro, impulsárase a través do novo Campus Virtual da Xunta, aínda que tamén será presencial, e potenciarase a realización de cursos dirixidos a persoas con discapacidade
- Os traballadores afectados por Ertes ou Eres poderán beneficiarse das accións formativas, así como os socios de empresas de economía social e os autónomos
- Esta medida súmase ao Plan de formación para o emprego dirixido a persoas ocupadas que se publicou no mes de febreiro cun orzamento de 5,5 millóns de euros

A Xunta vén de aprobar o primeiro Plan de formación específico para o sector servizos co que impulsará a cualificación de 4.000 traballadores co fin de mellorar as súas capacidades e adaptalas á nova era dixital. A Consellería de Emprego e Igualdade publicará no mes de agosto a primeira convocatoria destas axudas no Diario Oficial de Galicia (DOG). Estará dirixida ás entidades que sexan titulares de centros acreditados ou inscritos para impartir formación profesional para o emprego para aquelas especialidades nas que solicite o apoio, xa sexa na modalidade presencial, de teleformación ou mixta.

A Consellería de Emprego e Igualdade destinará a esta iniciativa, que se desenvolverá entre 2021 e 2022 e arrancará no mes de novembro, un total de catro millóns de euros. Os cursos de formación estarán dirixidos principiamente a persoas traballadoras ocupadas, aínda que se admitirá a posibilidade de que participen persoas sen emprego, ata un 30 % do cupo total. Inclúese nos beneficiarios destas accións formativas os traballadores e traballadoras afectadas por un expediente temporal de regulamento de emprego (ERTE) ou por un expediente de regulamento de emprego (ERE), así como os socios de empresas de economía social e persoas traballadoras por conta propia. Así mesmo, potenciarase a realización de accións formativas dirixidas a persoas con discapacidade física, psíquica ou sensorial recoñecida.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A Xunta, a través deste Plan, impulsará a teleformación a través do novo Campus Virtual para facilitar o acceso á cualificación dos alumnos e alumnas e, así mesmo, garantirase, no caso dos cursos que se impartan de xeito presencial, a saúde dos participantes.

Na concesión das axudas valorarase, entre outros aspectos, que as entidades que concorran ás axudas dispoñan ou teñan solicitado un plan de igualdade de xénero e a diversidade das accións formativas que inclúan nos seus programas. Concederanse anticipos ata o 60 % para atender as necesidades de financiamento das entidades.

As accións formativas subvencionables estarán incluídas no Catálogo de Especialidades do Servizo Público de Emprego do Estado (Sepe) entre as que se atopan, entre outros, cursos de comunicación e traballo en equipo en hostalaría; inglés empresarial; tratamento e xestión das queixas e reclamacións; xestión informatizada das vendas; resiliencia, aplicación do modelo de resiliencia ao sector turístico; emerxencias e primeiros auxilios en hostalería; xestión loxística; chinés básico en actividades de venda; ferramentas de difusión e márketing de medidas adaptadas ante a COVID-19; sistemas de reserva en liña; ou organización de eventos e protocolo.

A medida enmárcase na aposta do Goberno galego pola formación de calidade adaptada ás necesidades do tecido produtivo e súmase ao Plan de formación para o emprego dirixido prioritariamente ás persoas traballadoras ocupadas que se aprobou no mes de febreiro cun orzamento de 5,5 millóns de euros para cualificar a 5.000 persoas a través de 500 cursos. É preciso recordar, ademais, que a Xunta ofertará nos próximos dous anos 19.045 prazas de formación para desempregados a través de 1.270 cursos grazas a un orzamento de preto de 48,5M€.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AMPLÍA NUN 48% O ORZAMENTO DOS OBRADOIROS DUAIS ATA OS 34,2M€ PARA FORMAR E OFRECER UN TRABALLO A PRETO DE 2.000 PERSOAS DESEMPREGADAS

- A Consellería de Emprego e Igualdade incrementa en máis de 11 millóns de euros o presuposto desta convocatoria, o que permitirá desenvolver 94 programas mixtos de formación e emprego entre 2021 e 2022
- O obxectivo desta ampliación é poder atender o maior número de solicitudes posibles
- Priorizaranse ás persoas que teñan especiais dificultades de inserción no mercado laboral como son, entre outros, os emigrantes retornados, mulleres vítimas de violencia de xénero, parados de longa duración ou persoas con discapacidade
- Os participantes recibirán, ademais da formación, un contrato de traballo de 9 meses de duración e primaranse os programas que inclúan formación forestal, a posta en valor das rutas do Camiño de Santiago, proxectos de aldeas modelo ou os promovidos por concellos incluídos en áreas declaradas Reservas da Biosfera

A Xunta vén de ampliar o orzamento destinado á convocatoria de axudas dos obradoiros duais emprego para 2021-2022 que se incrementa nun 48 %, en máis de 11 millóns de euros, para poder atender o maior número de solicitudes posibles. Deste xeito, o programa contará con 34,2 millóns de euros coa previsión de poder ofrecer formación e un contrato de traballo a preto de 1.900 persoas sen emprego e poder desenvolver 94 obradoiros.

Deste xeito, as persoas desempregadas que participen nestes programas que desenvolven os concellos, mancomunidades e entidades sen ánimo de lucro do sector forestal poderán acceder ao longo de 9 meses a unha formación de calidade con opción a obter un certificado de profesionalidade e a un contrato de traballo. Ademais, unha vez remate o obradoiro, os alumnos e alumnas terán a opción de traballar nunha empresa da contorna por un mínimo de tres meses cun contrato a xornada completa. Para este fin, a Xunta concede incentivos á contratación.

Os obradoiros duais de emprego teñen como obxectivo incrementar as oportunidades laborais dos galegos e galegas. Teñen unha triplo dimensión: mellorar a empregabilidade dos participantes ofrecéndolles unha formación para o emprego teórica práctica de calidade da man dos expertos que a imparten; desenvolver actuacións de mellora en espazos públicos, así como a prestación de servizos de itnerese xeral e social; e colaborar coas entidades locais galegas para incrementar o emprego nos concellos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Para acceder a estes obradoiros, priorizaranse as persoas que teñan especiais dificultades de inserción no mercado laboral como son, entre outros, as persoas emigrantes retornadas; as mulleres; as vítimas de violencia de xénero; as persoas que esgotaron as prestacións e subsidios por desemprego; parados de longa duración; maiores de 45 anos; as persoas que carecen de títulos universitarios e de FP de grao superior, excepto para os certificados de profesionalidade de nivel de cualificación 3 nos que se require unha maior formación; e persoas con discapacidade.

Primaranse os programas que inclúan formación forestal; cualificación en conservación, reforma e posta en valor das rutas de peregrinación delimitadas do Camiño de Santiago; os obradoiros que teñan por obxecto actuacións enmarcadas en proxectos de Aldeas Modelo dirixidas á recuperación da capacidade agronómica do perímetro do proxecto e á rehabilitación e recuperación arquitectónica e urbanística; e os programas promovidos por concellos que teñan todo ou parte do seu termo municipal incluído en áreas declaradas Reservas da Biosfera.

Apoio ao emprego local

A actuación enmárcase na aposta da Xunta por incrementar as oportunidades laborais dos galegos e galegas e por colaborar cos concellos na contratación de persoas desempregadas. Así, neste senso, destacan, entre outros, as axudas destinadas á contratación de 700 persoas perceptoras da Risga, que contan cun orzamento de 7,7 millóns de euros en toda Galicia para dar apoio a 165 concellos ou agrupacións de municipios; as axudas para apoiar a contratación de persoas sen emprego para a realización de servizos de interese xeral e social nas que este ano o investimento é de 1,5 millóns de euros para a contratación de 464 socorristas en 163 concellos galegos, ou o programa Aprot Rural para apoiar a contratación de 505 persoas sen emprego en 284 concellos a través dun investimento de sete millóns de euros.

Así mesmo, a Consellería de Emprego e Igualdade vén de resolver a convocatoria dos obradoiros para menores de 30 anos nos que participarán 300 mozos e mozas, un programa que conta cun orzamento próximo aos sete millóns. Neste eido, tamén destacan os programas integrados de emprego cun orzamento de 10 millóns de euros ou as axudas aos orientadores laborais con 6,8 millóns de presupostos.

Deste feito, a Xunta leva activados este ano, incluído o orzamento dos obradoiros duais, máis de 74,2 millóns de euros para apoiar o emprego local.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVISTE 5,4M€ NA CONSOLIDACIÓN DE EMPRESAS DE ECONOMÍA SOCIAL

- A Consellería de Emprego e Igualdade facilitará, ademais, a transformación de negocios en crise ou sen remuda xeracional en cooperativas ou sociedades laborais
- O Bono Consolida, dotado con 2,8 millóns, céntrase en axudas, cun máximo de ata 20.000 euros, para apoiar a transformación dixital favorecendo o incremento da competitividade das compañías que contan cunha antigüidade mínima de 42 meses
- O Bono Transforma Economía Social, con 2,5 millóns, impulsará a recuperación de negocios en crise ou sen remuda xeracional mediante fórmulas de economía social
- Apoiarase, en concreto, con ata 50.000 euros, as persoas que decidan asumir a titularidade destas firmas mediante a creación dunha coeprativa ou de unha sociedade laboral para manter os postos de traballo e a actividade económica
- Os dous novos programas que se activarán por primeira vez en Galicia forman parte da Estratexia galega de economía social a través da que a Xunta destina este ano 33 millóns de euros, un 22 % máis que en 2020

A Xunta publicará nas próximas semanas dúas novas liñas de axudas que se convocarán por primeira vez na Comunidade Autónoma para seguir impulsando a economía social e que sumarán 5.375.000 euros. Trátase do Bono Consolida, dotado con 2.875.000 euros, para a mellora da competitividade e do Bono Transforma Economía Social que con 2,5 millóns de euros impulsará a recuperación de negocios en crise ou sen remuda xeracional mediante fórmulas de economía social.

O Bono Consolida ten como finalidade o afianzamento de entidades de economía social mediante tres liñas de axudas que inciden na transformación dixital das empresas para favorecer o incremento da súa competitividade. A Xunta prevé beneficiar con esta iniciativa a 300 empresas (cooperativas, sociedades laborais, empresas de inserción laboral ou centros especiais de emprego) que estean inscritas nos rexistros administrativos de Galicia e contan cunha antigüidade mínima de 42 meses.

Este programa inclúe tres liñas de apoio: para a transformación dixital da entidade, para a profesionalización desenvolvemento estratéxico e para a mellora da competitividade empresarial a través de investimentos comúns.

Para a transformación dixital das empresas financiaranse os plans de usos de novas tecnoloxías, os equipamentos informáticos e a adquisición e desenvolvemento de software e páxinas web.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A liña de profesionalización e desenvolvemento estratéxico apoiará as investigacións de mercado e análise de potencial competitivo; os plans de márketing, comunicación ou de relanzamento comercial; os plans de futuro e de mellora do negocio; os plans de mellora de xestión financeira; os plans de integración empresarial; as análises de cumprimento normativo e riscos legais; a obtención de certificacións de calidade; e a creación e desenvolvemento da imaxe corporativa da entidade.

O terceiro dos programas do Bono Conclida inclúe axudas para a adquisición de equipamento; reforma do local; e mobiliario.

O Bono prevé anticipos de ata o 90 % e cubrirá ata o 80 % do custo subvencionable cos límites seguintes: 10.000 euros para os gatos incluídos na liña de transformación dixital; e 5.000 euros en cada un dos outros dous programas. O máximo que poderá percibir unha empresa será 20.000 euros por solicitante.

O Bono Transforma Economía Social

O Bono Transforma Economía Social, por outra banda, impulsará a recuperación duns 40 negocios en crise ou sen opción a remuda xeracional mediante fórmulas de economía social, apoiando as persoas traballadoras que decidan asumir a titularidade destes negocios mediante a creación dunha cooperativa ou dunha sociedade laboral que lles permita manter os postos de traballo e a actividade económica.

O programa inclúe catro liñas de financiamento cun máximo de 50.000 euros por entidade beneficiaria. Así, a Xunta prevé apoios para investimentos vinculados á adquisición de activos esenciais para o óptimo funcionamento da nova entidade con apoios máximos de ata 40.000 euros; para os asesoramentos precisos no cumprimento das obrigas legais e no proceso de planificación e valoración económica previa ao proceso de transformación con axudas máximas de ata 10.000 euros; para o desenvolvemento de servizos de profesionalización, planificación e plans estratéxicos con apoios máximos de ata 10.000 euros; e para financiar gastos correntes en que incorra a entidade transformada nos doce meses seguintes a súa constitución con axudas máximas de ata 10.000 euros.

O Bono Transforma Economía Social tamén inclúe anticipos do 90 % e financiará como máximo o 80 % dos custos. As contías máximas en cada liña de axudas incrementáronse nun 10 % no caso de entidades que se vaian a transformar e estean nun proceso concursal; cando a entidade transformada estea emprazada nun concello rural; o cando sean empresas orientadas á venda de produtos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

As empresas de economía social teñen demostrado a súa capacidade de resistencia en tempos de crise económica, de creación de emprego estable e de calidade e de vinculación co territorio polo que resulta fundamental facilitar a súa consolidación e poden constituír unha alternativa viable para aquelas empresas mercantís que corren perigo de peche sexa por motivos económicos, financeiros ou comerciais, ou sexa por falta de remuda xeracional. Neste contexto derivado da COVID-19, é preciso impulsar este tipo de apoios que se encadran na Estratexia galega de economía social 2019-2021 a través da que este ano a Xunta inviste 33 millóns de euros, un 22 % máis que en 2020.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVISTE PRETO DE 33 MILLÓNS DE EUROS NA COMPRA CENTRALIZADA DE MATERIAL DESTINADO AO TRATAMENTO DAS FERIDAS

Mediante esta contratación centralizada, agárdase acadar un aforro mínimo de 526.239 euros

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a contratación da subministración de material sanitario destinado á prevención, limpeza e tratamento das feridas, baseado na cura en ambiente húmido, por un valor de 32.970.080 euros.

Realizada mediante un único expediente de contratación, esta compra centralizada permite acadar unha maior eficiencia dos recursos materiais e un mellor prezo na adquisición duns produtos, que serán empregados na totalidade dos centros sanitarios do Servizo Galego de Saúde.

Os produtos adquiridos neste expediente están indicados para o uso en feridas crónicas provocadas pola inmovilidade, a incontinencia, ou as alteracións cardiovasculares - arteriais e venosas-, que afectan, sobre todo, a doentes de idade avanzada e con patoloxías asociadas (diabetes, demencia, etc...).

Mediante esta contratación centralizada, agárdase acadar un aforro mínimo de 526.239 euros (un 2,9 % menos sobre o promedio dos prezos actuais de compra), durante os dous anos de vixencia do contrato, debido á baixada que supoñen os prezos de licitación. Ademais, e de xeito adicional, espérase acadar no procedemento unha baixada adicional do 7 % sobre o orzamento de licitación, ata acadar un aforro total en 3 anos do 9,9 % (1.796.473) respecto dos prezos de compra actuais.

Por outra banda, mantense a homoxeneización nas compras deste tipo de produtos, xa que con esta licitación cubriranse máis do 95 % das compras totais das distintas familias de apósitos de cura húmida (alginatos, prata de alta absorción, hidroxelos, carbón e prata, hidrocoloides, hidrolimérico, silicona, etc.), así como outros materiais para a prevención de feridas.

Esta actuación enmárcase e complementa as previamente postas en marcha pola Consellería de Sanidade, co obxectivo de realizar unha mellora continua da calidade asistencial, así como para optimizar a sostibilidade económica do sistema sanitario público galego.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA O PROXECTO BÁSICO DA FASE I DO PLAN DIRECTOR DO COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DE OURENSE

A Comisión Superior de Urbanismo deu o visto e prace ao trámite urbanístico que permitirá executar o investimento de 52,6 millóns para a obra licitada este mes, e que forma parte dun paquete de investimentos de 120 millóns para o futuro da sanidade pública de Ourense

O Consello de Xunta vén de aprobar, na súa reunión semanal, o Proxecto básico da fase I da reprogramación funcional do plan director do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, tramitado ao abeiro da Lei 3/2016, do 1 de marzo, de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese público.

O ámbito que ocupa esta complexo hospitalario, e os terreos que acollerán a súa ampliación, están afectados pola derogación do Plan xeral de ordenación municipal urbana de 2003 e a entrada en vigor do Plan xeral do ano 1986. Así, algunha edificación non se axusta ao planeamento vixente, dado que están situadas en terreos cuxa clasificación urbanística se corresponde co sistema xeral viario e co sistema xeral de espazos libres, parques e xardíns.

A actuación que se pretende tivo que tramitarse ao abeiro da Lei 3/2016; polo que a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio –a instancia da Dirección Xeral de Recursos Económicos do Servizo Galego de Saúde- solicitou os informes perceptivos sectoriais ante a administración autonómica e estatal. Unha vez concluída a tramitación ambiental e urbanística, a Comisión Superior de Urbanismo deu o visto e prace a esta iniciativa o pasado xoves 22 de xullo.

O proxecto divídese en tres partes, a remodelación integral do Hospital Materno Infantil; a construción dun novo bloque paralelo ao edificio de hospitalización; e a construción e reforma dalgúns núcleos horizontais e verticais de comunicacións. Prevese a construción dun novo edificio e a reforma do hospital materno infantil, así como a mellora de accesos. O edificio de nova planta destinarase, desde o andar -2 ata o segundo andar, a usos fundamentalmente ambulatorios, e, desde o terceiro ata o noveno, a hospitalización.

Actuarase sobre unha superficie de máis de 33.000 metros cadrados, supoñendo unha importante ampliación do hospital actual (incremento dun 11 % da superficie construída). Tamén supón unha mellora e humanización dos servizos existentes.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O orzamento de licitación é de 52.588.317 euros, e calcúlase un prazo de execución de 40 meses.

Sinalar que na pasada lexislatura a Xunta rematou un novo Edificio de Hospitalización, tras un investimento de máis de 41 millóns de euros, que permitiu xerar unha nova superficie de 52.000 metros cadrados. Así mesmo, o Executivo galego vén de comprometer un investimento de preto de 120 millóns de euros para ampliar o CHUO e construír un Centro Integral de Saúde en Ourense.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APOIA CON 21 MILLÓNS DE EUROS PRETO DE 60 PROXECTOS PARA A MELLORA DAS INSTALACIÓNS DAS PEMES DE TRANSFORMACIÓN DOS PRODUTOS DO MAR

- O Executivo galego subvenciona ata o 50 % das actuacións impulsadas polas empresas do sector entre este ano e o próximo e que suman un investimento total de máis de 45 millóns de euros
- O Consello da Xunta analizou hoxe un informe sobre a resolución da convocatoria deste ano destas achegas, a maior en canto a número de proxectos aprobados e de axuda concedida desde que comezaron a outorgarse en 2016
- O obxectivo destes apoios, cofinanciados polo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, é que o sector poida mellorar a súa eficiencia enerxética, reduza o impacto no medio ambiente, promova a innovación e mellore as súas condicións de traballo e seguridade
- Entre as axudas aprobadas polo Goberno galego destaca unha para a empresa Auxiliar Conservera S.A. por importe de 4,7 millóns de euros para a modernización das instalacións que ten en Redondela, en que investirá preto de 10 millóns de euros

O Consello da Xunta analizou hoxe un informe sobre a resolución da convocatoria deste ano de axudas para investimentos en pequenas e medianas empresas de transformación dos produtos pesqueiros e de acuicultura no que se inclúe a aprobación de 57 proxectos impulsados polo sector por un importe de preto de 21 millóns de euros a distribuír entre as anualidades 2021 e 2022. Con estas achegas a Xunta aporta o 50 % do importe subvencionable de cada un deles, polo que o investimento total para acometer melloras nas instalacións destas empresas supera os 45 millóns de euros.

Estas axudas, cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, véñense convocando desde 2016 e esta é a convocatoria con maior número de proxectos aprobados e con máis importe de crédito concedido. Entre as accións que son obxecto de apoio con estas achegas está a optimización dos procesos de transformación, a innovación no ámbito da industria de procesado de peixes e na transformación de moluscos, a ampliación e adquisición de equipamentos nas plantas de transformación de produtos do mar e melloras en materia de eficiencia enerxética, entre outras.

Os beneficiarios destas subvencións son as pequenas e medianas empresas de transformación dos produtos pesqueiros e de acuicultura que realizan investimentos que contribúen a, entre outras cuestións, aforrar enerxía, mellorar a seguridade, optimizar os procesos de transformación e contar con novos produtos e procesos ou mellores sistemas de xestión.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O obxectivo desta liña de axudas é que o sector transformador de produtos do mar poida mellorar a súa eficiencia enerxética, reduza o seu impacto no ambiente, promova a innovación e mellore as súas condicións de traballo e seguridade, o que contribúe a incrementar a súa competitividade e a mellorar os seus resultados económicos.

Proxecto destacado

Entre os 57 proxectos aprobados na convocatoria deste ano destaca un promovido pola empresa Auxiliar Conservera S.A. que conta cunha axuda por importe de 4,7 millóns de euros para un investimento total de preto de 9,6 millóns de euros. A achega, que foi aprobada hoxe no Consello da Xunta, contribuirá a realizar melloras nas instalacións que a firma ten en Redondela coa finalidade de modernizala desde o punto de vista tecnolóxico.

As actuacións previstas na planta buscan mellorar a súa fiabilidade e rendemento, incrementar o valor engadido dos produtos do mar transformados que elabora e avanzar no uso de métodos sustentables de produción velando pola protección do medio ambiente. Ao mesmo tempo, pretende optimizar o aproveitamento e transformación dos subprodutos da pesca para a produción de alimentos destinados ao consumo animal.

Incluindo os proxectos aprobados nesta convocatoria, desde 2016 beneficiáronse destas axudas máis de 280 iniciativas de empresas de transformación de produtos do mar por valor de preto de 80 millóns de euros. O investimento global, contando tamén os 45 millóns previstos nos proxectos deste ano, rolda os 180 millóns de euros no conxunto das seis convocatorias realizadas ata o momento.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 22,7M€ AO PROGRAMA MOVES III PARA COLABORAR NA ADQUISICIÓN DE VEHÍCULOS ELÉCTRICOS E NA IMPLANTACIÓN DE INFRAESTRUTURAS DE RECARGA

- Os particulares, comunidades de propietarios, autónomos, empresas e entidades locais poderán solicitar estas axudas a partir do 13 de setembro, que se concederán por orde de chegada
- Os apoios para a compra de automóbiles poderán acadar os 9000 euros
- Duplícase ata o 80% a porcentaxe máxima de axudas para a instalación de puntos de recarga
- A previsión da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación é lograr a mobilización de 98M€, aforrando 2,3 millóns ao ano en combustibles e reducindo as emisións de CO2 cun impacto equivalente a plantar 186.000 árbores

A Xunta aprobou a convocatoria de axudas do Moves III, o programa estatal de incentivos á mobilidade eléctrica que contará cun total de 22,7M€ para apoiar a adquisición de vehículos eléctricos e a implantación de infraestruturas de recarga. Desta cantidade, o Goberno galego destinará 4,4 millóns para desenvolver proxectos propios neste eido.

As axudas que xestiona a Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, diríxense a particulares, comunidades de propietarios, empresas e entidades locais que poderán presentar as súas solicitudes a partir do 13 de setembro deste ano e ata o 31 de decembro de 2023 ou ata que se esgote o crédito, xa que se trata dunha convocatoria de concorrencia non competitiva. Estas solicitudes tramitaranse a través de entidades colaboradoras adheridas: concesionarios, no caso de adquisición de automóbiles, e instaladores de baixa tensión para a implantación de infraestruturas de recarga.

A principal novidade desta convocatoria con respecto ás anteriores é que haberá dúas únicas liñas. A primeira delas ten como obxectivo fomentar a adquisición de vehículos eléctricos, híbridos enchufables ou de pila de combustible. As axudas oscilarán entre os 700 e os 9000 euros por automóbil en función do tipo de solicitante, características do vehículo ou uso, entre outras cuestións. Así, a compra de motocicletas e cuadríciclos apoiarase con axudas de ata 2000 euros; os turismos recibirán ata 7000 euros; e as furgonetas poden chegar aos 9000 euros. Os particulares só poderán dispoñer de apoios para a compra dun vehículo, mentres que o resto de beneficiarios –entre os que se

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

encontran autónomos e pemes– poden solicitar ata 50 por ano –fronte os 30 de límite na anterior edición–.

A segunda liña do Moves III diríxese á implantación de infraestruturas de recarga de vehículos eléctricos, con axudas de entre o 30 % e o 80 % do custo subvencionable en función do tipo de solicitante, potencia, ou localización en concellos de menos de 5000 habitantes. Deste xeito, a axuda máxima duplícase con respecto a anteriores convocatorias, onde era do 40 %.

Con estes apoios, a Xunta de Galicia agarda mobilizar 98M€, favorecer un aforro económico anual de 2,3 millóns nos custos de combustible, así como unha redución de CO2 equivalente a plantar 186.000 árbores.

Deste xeito, as axudas contribuirán a seguir avanzando na descarbonización do transporte, reducir os custos enerxéticos dos propietarios de vehículos e fomentar unha rede pública e privada de puntos de recarga.

As dúas convocatorias anteriores do programa Moves xa permitiron destinar preto de 6M€ para apoiar un total de mil proxectos de mobilidade eléctrica. A maiores, grazas ás axudas dos plans de transición a unha mobilidade eficiente promovidos pola Xunta de Galicia, apoiouse a adquisición dun total de 750 vehículos de baixo consumo e baixas emisións.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

GALICIA, PRIMEIRA COMUNIDADE AUTÓNOMA EN CONTAR CUNHA INFRAESTRUTURA VERDE PARA POÑER EN VALOR O POTENCIAL E CAPACIDADE DOS SEUS ECOSISTEMAS

- Trátase dunha rede territorial de máis de 4 millóns de hectáreas composta polas zonas naturais e os elementos ambientais que ofrecen servizos con capacidade para mellorar a saúde, economía e calidade de vida das persoas
- O documento estratéxico, que marca o obxectivo de restaurar alomenos un 15 % dos ecosistemas degradados, iniciará agora o seu período de información pública

Galicia converterase proximamente na primeira comunidade autónoma en contar cunha Infraestrutura Verde, co fin de poñer en valor o potencial e capacidade dos seus ecosistemas, e en liña coas directrices marcadas pola Unión Europea.

Así, o Consello da Xunta foi hoxe informado do inicio do período de información pública, ao longo de dous meses, do documento que recolle a Estratexia galega de infraestrutura verde e da conectividade e restauración ecolóxicas.

Tal e como a definiu a Unión Europea, unha Infraestrutura Verde é unha rede de zonas naturais, seminaturais e doutros elementos ambientais, tanto vexetais como acuáticos, planificada, deseñada e xestionada estratéxicamente para a prestación de servizos ecosistémicos; aqueles que resultan do propio funcionamento dun ecosistema e que achegan beneficios á sociedade, mellorando a súa saúde, economía e calidade de vida.

Neste sentido, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda deseñou unha folla de ruta na que aproveitar o potencial dos recursos de Galicia para desenvolver esta medida, que avanza na senda dunha ordenación territorial cun marcado carácter sustentable.

Outra das razóns que xustifican este proxecto é que representa unha garantía para reducir a fragmentación de hábitats, para mellorar a conectividade ecolóxica do territorio e a provisión de ecosistemas que propicien o benestar social. Así mesmo, tamén é un condutor para mitigar os efectos do cambio climático e mellorar a resiliencia climática e a capacidade de adaptación fronte a este fenómeno mundial.

Catro obxectivos

A Infraestrutura Verde nace con vocación de dar resposta a catro obxectivos fundamentais: conseguir que as ferramentas de planificación e xestión territorial acaden os mellores resultados en termos de conservación de biodiversidade e evitar os

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

impactos no medio ambiente (obxectivo 1); para o que se precisa establecer unha coordinación entre administracións públicas que permita unha implantación efectiva da mesma (obxectivo 2); e para o que serán necesarios equipos humanos interdisciplinares que maximicen a integración transversal dos conceptos e obxectivos aos distintos niveis da ordenación territorial (obxectivo 3).

Ademais é, ao mesmo tempo, un instrumento de conservación ambiental, polo que é primordial difundir a súa existencia a todos os niveis sociais e mellorar o seu coñecemento, investigación e transferencia de información (obxectivo 4).

Tal e como especifica o documento, a Infraestrutura Verde de Galicia suma algo máis de 4,17 millóns de hectáreas, entre as que se diferencian, entre outras, as zonas núcleo, como a Rede Natura 2000; corredores ecolóxicos, que actúan a modo de vías de comunicación entre as áreas anteriores e poden ser mariños, esteiro-marisma, fluviaes, paisaxísticos e terrestres; ou as zonas multifuncionais, atendendo ao tipo de servizo que prestan os diferentes ecosistemas tales como alimentación e forestal.

A súa posta en marcha —o seguinte paso a dar— farase a través de distintas actuacións relacionadas co ciclo da auga, o cambio climático, a economía circular, a paisaxe ou a identidade cultural, que se identificarán nun Plan de seguimento, sendo un dos obxectivos globais a restauración de alomenos un 15 % dos ecosistemas degradados, tal e como fixa a Unión Europea.

Bases científico-técnicas

Cómpre lembrar que o Goberno galego impulsou unha colaboración coas universidades de Santiago de Compostela e da Coruña, para a elaboración dun documento de análise e cálculos dos servizos ecosistémicos, así como a identificación dos compoñentes da Infraestrutura Verde.

Ese traballo deu como resultado as bases científico-técnicas que serviron de referente para a elaboración da Estratexia galega, que sae a información pública só dúas semanas despois da publicación da Estratexia nacional e que polo tanto vai acompañada, tal e como está estipulado. Cómpre salientar, iso si, que a Estratexia galega contén unha completa delimitación cartográfica dos seus elementos, en contraste ao documento nacional, que non conta con esta característica.

A Estratexia da Unión Europea sobre biodiversidade para 2030, aprobada en 2020, recoñeceu e reforzou o desenvolvemento da Infraestrutura verde como unha das

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

ferramentas principais para o logro dos obxectivos ambientais da UE, algo que tamén se enmarca na Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sustentable.

No período de información pública que se inicia agora, o conxunto da sociedade poderá coñecer o contido da Estratexia galega e facer achegas e aportacións que permitan acadar os obxectivos e metas que se propoñen nela.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INICIA OS TRÁMITES PARA AS OBRAS DE AMPLIACIÓN DO HOSPITAL CLÍNICO DE SANTIAGO QUE INCREMENTARÁ A SÚA SUPERFICIE EN PRETO DE 32.000 METROS CADRADOS

A ampliación contempla a realización de dous novos edificios

O conselleiro de Sanidade, Julio García Comesaña, vén de informar, na reunión semanal do Consello da Xunta, do inicio do procedemento da Lei 3/2016, do 1 de marzo, de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese, para as obras de ampliación do Hospital Clínico Universitario de Santiago.

O proxecto é de interese público dado que é vital para prestar unha asistencia sanitaria de calidade á área sanitaria, e non admite demora dado que é preciso ampliar certos servizos pola situación provocada pola covid. A superficie do Hospital Clínico, que actualmente é de 116.778 m², pasará a ser de 148.652, é dicir un incremento de preto de 32.000 metros cadrados (preto dun 30 %), que permitirán ampliar servizos e mellorar e humanizar outros.

Nos vindeiros días, pedirase ao Concello que realice o trámite de información pública do anteproxecto e emita informe sobre a afectación dos intereses locais. Unha vez completado o trámite, remitiranse as actuacións á Consellería de Medio Ambiente, para que solicite os informes preceptivos e eleve o proxecto á Comisión Superior de Urbanismo de Galicia. Posteriormente, deberá aprobarse o proxecto polo Consello da Xunta.

Os servizos aos que abrangue a ampliación son os laboratorios de microbioloxía e inmunoloxía; a área de autopsias e salas de docencia anexas; o bloque cirúrxico e área de cirurxía ambulatoria; a área de endoscopias de uroloxía; a área de endoscopias de dixestivo; urxencias xerais e urxencias pediátricas; unidades de hospitalización médico-cirúrxica; unidade de hospitalización de hematoloxía; unidade de hospitalización psiquiátrica e hospital de día; área de endoscopias pneumoloxía; área de consultas externas e hospital de día.

A ampliación realizarase de maneira mimética co edificio existente, mantendo a súa ordenación xeral, trama estrutural, volumes e materiais de acabado, en especial nas fachadas para manter a estética do conxunto.

Distribución

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O proxecto contempla a realización de dous novos edificios. O edificio A terá 9 andares, do -4 ao +3, e destinarase a áreas de diagnóstico e tratamento e servizos centrais nos andares 0 cara abaixo, e unidades de hospitalización cara arriba. O último andar será de cubertas e heliporto. O Edificio C terá cinco andares, do -2 ao +2 e destinarase a hospital de día e consultas externas.

O programa no edificio A recolle, no andar -4 a zona de tratamento de lixos e resérvase unha zona para instalacións. No -3 refórmanse os laboratorios de inmunoloxía e microbioloxía. No -2 ampliáanse as urxencias pediátricas e refórmanse as de adultos. No andar 1 sitúase o novo bloque cirúrxico con sete novos quirófanos. No andar 0 ubícase a zona de endoscopias. Nos andares un ao tres están as áreas de hospitalización, dúas por andar, estando a hospitalización hematolóxica no nivel +2 e sendo de hospitalización médicocirúrxica as outras cinco zonas. No andar +4, que é o de cuberta, sitúase un heliporto.

No edificio C sitúase no nivel -2 as consultas de cirurxía plástica e maxilofacial, técnicas especiais, persoal e subministracións e transporte. No andar -1 está a gardería e unidade de mama. No andar 0 o hospital de día. No nivel +1 sitúase neumoloxía, alergoloxía, área de persoal e subministracións e transporte. No +2 sitúanse as salas polivalentes, unidade de dor e anestesia.

Outros investimentos da Xunta no CHUS e noutros hospitais do Sergas

Cómpre remarcar os preto de 8 millóns nas actuacións parciais de obra e equipamento desenvolvidas pola Xunta neste hospital nos últimos anos, entre as que destacan:

- A ampliación das urxencias en 800 m², executadas por trámite de emerxencia xusto despois da primeira onda da pandemia e cun investimento de 1,65 millóns de euros.
- A adquisición dun equipo de ultrasóns de frecuencia focalizado (HIFU), cun investimento de 2,4 M€, que converteu ao CHUS no primeiro hospital público de España en contar con este tratamento para pacientes con parkinson e tremor esencial.
- A creación dunha nova unidade de ictus cun orzamento conxunto de 450.000 euros para obra e equipamento, e que consistiu na reforma no andar de neuroloxía para crear un novo espazo común cun control para a atención aos doentes con ictus, que disporá de seis camas e nova monitorización 24 horas.
- A obra de reforma da farmacia hospitalaria, xa adxudicada por 1,4 millóns de euros, e que irá acompañada dun investimento en equipamento, xa licitado, de máis de 2

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

millóns de euros, para dispoñer dun almacén automatizado, unha reenvasadora, unha dosificadora ou dous robots, un para a dispensación e outro para a preparación de mezclas.

- E a obra de reforma da UCI para instalar cubículos pechados, xa adxudicada por un importe 1,1 millóns de euros, para poder comezala este verán.

Sinalar, que nos últimos meses, iniciáronse as obras do Gran Montecelo, licitouse o proxecto do novo C. H. Universitario da Coruña, tramitouse o expediente da Lei 3/2016 para a Fase I da reprogramación funcional do C.H. Universitario de Ourense, e licitouse esa obra que suporá a construción dun novo edificio e a reforma do actual hospital materno infantil.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ADQUIRE UN MILLÓN MÁIS DE AGULLAS PARA DISPOÑER DE RESERVA ESTRATÉXICA CO OBXECTO DE REMATAR O PROCESO DE VACINACIÓN MASIVA

Así mesmo, o Consello abordou un informe da contratación do servizo de almacenamento, distribución e loxística das vacinas contra a covid, por un importe de 1,4 millóns

O Executivo galego vén de abordar un informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta da contratación polo trámite de emerxencia, da subministración dun millón de agullas hipodérmicas, por un importe de 58.500 euros, para dispoñer de reserva estratéxica co obxecto de poder rematar o proceso de vacinación masiva.

Para a contención da pandemia, unha das actividades complementarias á atención sanitaria propiamente dita é a realización da campaña de vacinación fronte á covid ao maior número de poboación posible, e con esta contratación adquirense as agullas que se precisan para continuar co Plan de Vacinación.

Esta é a sexta compra de agullas por parte do Servizo Galego de Saúde. As cinco anteriores supuxeron un investimento de 553.466 euros.

Nesta mesma reunión semanal, o Consello abordou un informe referido á contratación do servizo de almacenamento, distribución e loxística das vacinas contra a covid, por un importe de 1.466.520 euros.

Mediante a presente contratación, xestionarase o almacenamento, distribución e loxística das vacinas contra a covid, garantindo que estas actividades se leven a cabo nas condicións máis axeitadas e coa finalidade de que a vacinación consiga a inmunización da poboación galega.

Con anterioridade, a Consellería de Sanidade xa tramitou outros catro expedientes de emerxencia para a contratación do servizo de almacenamento, distribución e loxística da vacina covid.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA FINANCIARÁ AS OBRAS DE REFORMA DO ANTIGO MERCADO DE SANTA LUCÍA PARA CONSTRUIR UN CENTRO DE SAÚDE UN 70 % MAIOR NO BARRIO CORUÑÉS DA FALPERRA

- O novo centro de saúde implicará unha renovación estrutural importante, poñendo a disposición dos cidadáns 1.750 m², o que supón un 70 % máis de superficie que o actual centro da rúa Federico Tapia
- En total, o investimento da Xunta dende 2009 é de preto de 12 millóns de euros na Área sanitaria da Coruña ao que agora se engaden este centro e o que está proxectado construír no concello de Abegondo

O Servizo Galego de Saúde e o Concello da Coruña asinarán un convenio marco de colaboración para a dotación dun centro de saúde no antigo mercado de Santa Lucía. O convenio, do que hoxe informou o responsable da carteira sanitaria do Executivo galego na reunión semanal do Consello, establece que o Concello rehabilitará o edificio do antigo mercado e cederá o uso dunha parte ao Sergas para centro de saúde.

A parte destinada a centro de saúde deberá contar con contadores específicos para as súas subministracións (auga, electricidade, gas, telefonía, datos, etc...), para facturar ao Sergas. Tamén asumirá o departamento sanitario galego o mantemento propio das instalacións individualizadas. Os custos de mantemento das áreas comúns do edificio recaerán sobre o Concello, que repercutirá sobre o Sergas a parte proporcional segundo os metros cadrados da parte cedida (arredor dun 58 %).

O Concello eximirá do IBI a este edificio e o Sergas asumirá os gastos de redacción de proxecto, dirección de obra, coordinación de seguridade e saúde en proporción á porcentaxe que o centro de saúde supoña sobre o orzamento total. Así mesmo, o Sergas asumirá os custos correspondentes á execución da obra do centro de saúde. Estes custos determinaranse unha vez o Concello realice o proxecto de obra, momento en que, ao abeiro do convenio, se asinará outro específico de desenvolvemento en que se detallen as obrigas económicas.

O novo centro de saúde implicará unha renovación estrutural importante, poñendo a disposición dos cidadáns 1.750 m², o que supón un incremento do 70 % respecto aos 1.024 m² do actual centro de saúde do barrio, situado na rúa Federico Tapia.

Segundo o Plan Funcional e de espazos aprobados, na área médica pasarase de tres a seis consultas de medicina xeral, de dúas a catro consultas de enfermería e contará por primeira vez cunha consulta de matrona e cunha sala de educación maternal. Ademais,

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

tamén contará como novidade con salas e despachos para o traballador social, sala de toma de mostras, sala de espera, sala de técnica e unha sala polivalente.

O servizo de pediatría tamén mellorará considerablemente, as salas de consultas pasarán dunha a dúas e haberá por primeira vez unha sala de espera de pediatría con aseos propios.

Na área de administración, arquivo e servizos comúns contarase con novos espazos, concretamente, arquivo de historias clínicas, almacén de material, sala de caldeiras e sala de estar do persoal.

Doce millóns de investimento na área da Coruña

Dende o ano 2009, a Xunta de Galicia construíu ou reformou un total de 87 centros de saúde, o que supuxo actuar sobre 74.000 metros cadrados. A eles hai que engadir as sete obras que están en marcha. En total, a Administración autonómica investiu, nestes 12 anos, máis de 115 millóns de euros en infraestruturas sanitarias de atención primaria.

En particular, na área sanitaria da Coruña a Xunta puxo en servizo oito novos centros de saúde nesta área sanitaria:

- NOVO MESOIRO – A Coruña (1,66M€) en 2010
- A COVADA – Oleiros (1,35M€) en 2010
- AGUALADA – Coristanco (440.317 €) en 2010
- VILARMAIOR – (599.294 €) en 2011
- BUÑO – Malpica de Bergantiños (699.089 €) en 2016
- O TEMPLE– Cambre (2,5M€) en 2016
- VILARRODÍS – Arteixo (2,2M€) en 2016
- O PORTÁDEGO–Culleredo (2,3M€) en 2017

Ademais reformouse en 2019 o PAC da Laracha, por un importe de 1.070.608 euros, e asináronse convenios cos concellos para reformar centros de saúde municipais de Oza-Cesuras (2017), Arteixo (2017), Malpica (2018), Coristanco (2018), Cee (2019) ou Bergondo (2021). En total, un investimento de preto de 12 millóns de euros na Área Sanitaria da Coruña desde 2009.

Esta lexislatura comezou co compromiso da Xunta de completar unha renovación integral do Sergas. En consecuencia, os orzamentos para 2021, os primeiros desta lexislatura, prevén un incremento do 108 % no capítulo de investimentos para atención primaria, pasando de 26 millóns en 2020 a 55 millóns de euros neste ano 2021.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

En particular, na Área da Coruña, ademais deste Centro de Saúde de Santa Lucía, asinouse xa o convenio para a construción dun novo centro de saúde en Abegondo. Tendo xa recibida a titularidade da parcela por parte do Concello, está prevista a próxima licitación do proxecto construtivo deste novo centro.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVISTE 3,4 MILLÓNS DE EUROS NOS CENTROS SANITARIOS GALEGOS PARA CONTINUAR FACENDO FRONTE Á COVID

Este orzamento destinase, fundamentalmente, á adquisición de material, prestación de servizos e traballos de mantemento nas áreas sanitarias de Santiago-Barbanza; A Coruña-Cee; e Ourense, Verín e o Barco de Valdeorras

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a tramitación de emerxencia de tres novos expedientes de contratación, por valor de 3.457.975 euros. O obxectivo deste orzamento é dotar do material, equipamento, e servizos necesarios para facer fronte á COVID-19 nos centros sanitarios do Sergas. Nesta ocasión, os investimentos destínanse ás áreas sanitarias de Santiago-Barbanza; A Coruña-Cee; e Ourense, Verín e o Barco de Valdeorras.

O primeiro destes expedientes, cun importe total de 1.193.935 euros, destinase á área de Santiago e Barbanza. Con esta partida adquiriranse, entre outro material, máis de 180.000 batas protectoras dun só uso; 65.000 pares de luvas; ou 16.640 test de antíxenos. Así mesmo, permitirá dotar aos centros sanitarios da área compostelá dos produtos farmacéuticos precisos para atender as necesidades dos pacientes covid.

O segundo expediente, destínase á área sanitaria da Coruña e Cee, e acada un importe total de 1.179.687 euros. Nomeadamente, 667.302 euros destinaranse á adquisición de material de laboratorio; 162.673 euros ás tarefas de limpeza e aseo, e 18.416 euros aos servizos vencellados cos equipamentos informáticos. O orzamento complétase con diferentes partidas vencelladas ao mantemento das instalacións, utillaxe e transporte sanitario.

O terceiro expediente aprobado hoxe polo Consello da Xunta, conta cun investimento total de 1.084.353 euros, e dotará do material necesario para facer fronte á covid á área sanitaria de Ourense, Verín e o Barco de Valdeorras. En concreto, destinaranse 380.000 euros á compra de kits de detección da covid; 413.688 euros á adquisición de diverso material sanitario (sondas, drenaxes, agullas, catéteres, etc...), e algo máis de 23.000 euros para máscaras e outros equipos de protección individual.

Saúdos do Gabinete de Comunicación da Consellería de Sanidade

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DECLARARÁ UN TOTAL DE 19 PERÍMETROS DE ALTO RISCO DE INCENDIOS FORESTAIS EN VÍAS MUNICIPAIS DOUTROS TANTOS CONCELLOS

- O Consello do Goberno galego vén de coñecer hoxe un informe da Consellería do Medio Rural sobre esta medida, prevista na normativa e que ten por obxecto previr os lumes forestais adecuando as infraestruturas preventivas e a rede de faixas de xestión de biomasa situadas preto das vivendas
- A declaración destes perímetros faise no marco do convenio de colaboración asinado entre a Xunta, a Fegamp e Seaga en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa preto das vivendas

A Xunta declarará proximamente un total de 19 perímetros de alto risco de incendio (PARI) en vías municipais doutros tantos concellos galegos. Esta figura, prevista na normativa de aplicación, ten por obxecto previr os lumes forestais adecuando as infraestruturas preventivas e a rede de faixas de xestión de biomasa situadas preto das vivendas.

O Consello da Xunta vén de coñecer hoxe un informe da Consellería do Medio Rural sobre esta medida, como paso previo á publicación da relación destes PARI no *Diario Oficial de Galicia* e no *Boletín Oficial del Estado*. En total, mediante esta figura prevese actuar en preto de 192 hectáreas de terreo pertencentes a 19 municipios: Bergondo, Carral, Ponteceso, Toques e Carnota, na provincia da Coruña; Navia de Suarna, Pantón e A Pastoriza, na de Lugo; Carballada de Avia, O Carballiño, Maceda, Carballada de Valdeorras, Manzaneda e Oímbra, na de Ourense e Crecente, As Neves, Gondomar, Pazos de Borbén e Campo Lameiro na de Pontevedra.

A declaración destes PARI farase no marco do convenio de colaboración asinado en agosto de 2018 entre a Xunta, a Fegamp e Seaga en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias (as máis próximas ás vivendas).

O convenio contempla a posibilidade de que os concellos poidan levar a cabo actuacións de xestión de biomasa nas vías de titularidade municipal ata un máximo de 10 quilómetros por concello e ano con cargo ao acordo. Pola súa banda, o concello proporá, dentro deses máximos, os puntos quilométricos en que se delimitará un PARI, de conformidade co procedemento establecido na lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Dentro do tramo establecido no PARI, as actuacións consistirán na xestión da vexetación mediante a roza e a eliminación de especies pirofíticas, como os piñeiros, os eucaliptos ou as acacias, incluíndo o abatemento, tronzado, saca e amoreado da madeira e a recollida e eliminación de restos. Unha vez declarado o perímetro, os titulares dos predios ou dos dereitos de aproveitamento disporán dun prazo de 30 días naturais, contados a partir do día seguinte ao da notificación, para realizar os traballos de prevención e, de non facelo, as actuacións levaranse a cabo no ámbito do convenio, sen que os titulares teñan que asumir o seu custo, sen prexuízo do comiso da tala das especies non permitidas.

Coa declaración dos perímetros de alto risco de incendios preténdese acadar os obxectivos establecidos no Plan de Prevención establecido no Pladiga 2021, adecuando as infraestruturas preventivas e a rede de faixas de xestión de biomasa. Esta primeira declaración contempla actuacións nos 19 concellos sinalados, pero recibíronse máis solicitudes por parte de diferentes concellos que serán analizadas e que suporán posteriores declaracións.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA